

Resolución reitoral de 15 de xuño de 2017 pola que se convoca 1 bolsa para estudantes que colaboren na axuda á integración dunha persoa con necesidades educativas especiais na Facultade de Belas Artes do Campus de Pontevedra. (BB.AA. 01)

O alumnado da Universidade de Vigo, segundo o establecido no artigo 100.d dos Estatutos da Universidade de Vigo ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor.

A Universidade de Vigo, de acordo co disposto no artigo 105 dos referidos Estatutos, poderá ofrecer ao seu estudiantado bolsas de colaboración nos servizos de asistencia á comunidade universitaria como programas complementarios de axudas para cubrir necesidades non atendidas ou insuficientemente atendidas polas administracións públicas. A Universidade de Vigo poderá ofrecer ao estudiantado, como recollen os seus Estatutos, bolsas de colaboración nos servizos de asistencia á comunidade universitaria

Por isto, estímase conveniente a tramitación dun expediente para a convocatoria de bolsas, cuxa xestión realizárase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, coa finalidade de fomentar unha mellor formación do alumnado a través do servizo que poida prestar á Comunidade Universitaria, colaborando en labores que se axusten a determinadas áreas de traballo definidas na presente convocatoria, en réxime de compatibilidade cos seus estudos e iniciándose así en tarefas vinculadas aos mesmos.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade, esta Reitoría RESOLVE:

1. Anunciar unha convocatoria de 1 bolsa para estudantes que colaboren na axuda á integración dunha persoa con necesidades educativas especiais na Facultade de Belas Artes do Campus de Pontevedra, en réxime de concorrencia competitiva.
2. Ordenar a publicación da devandita convocatoria no rexistro xeral, no rexistro de Campus de Vigo, na Facultade de Belas Artes do Campus de Pontevedra e na páxina http://extension.uvigo.es/extension_gl/discapacidade/bolsas/ xunto coa súa normativa correspondente.

As bolsas solicitaranse no modelo oficial (véxase Anexo I), **ata o día 30 de xuño de 2017**, presentando a documentación requirida nos rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 15 de xuño de 2017

O reitor

Por delegación RR 11/09/2013

O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais



BB.AA. 01

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica nos taboleiros de anuncios da Reitoría, con data de 16 de xuño de 2017
O xefe da área de bolsas

Francisco Navaza Dafonte

ANEXO I.

BASES DA CONVOCATORIA

1. Obxecto da bolsa

Cursando estudos na Facultade de Belas Artes do Campus de Pontevedra, atópase un/unha alumno/a con necesidades educativas especiais, que require dunha atención especial para a súa mellor integración e aproveitamento académico.

2. Requisitos das persoas solicitantes

As persoas solicitantes deberán estar matriculadas no curso 2017/18 en calquera titulación oficial de Grao das que se imparten na Facultade de Belas Artes do Campus de Pontevedra, e manter a condición de alumno/a durante todo o período de duración da bolsa.

En todo caso os solicitantes, deberán de ter superados o 50% dos créditos dos estudos de grao, dos que están matriculados. O último día de presentación das solicitudes será o que se teña en conta aos efectos de determinar a superación destes créditos.

Non poderán ter a condición de beneficiario as persoas nas que concurra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3. Incompatibilidades

O goce desta bolsa é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións con cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego.

Esta bolsa é incompatible con calquera outra bolsa de colaboración ou formación complementaria convocada pola Universidade de Vigo. Ademais, non se poderá gozar dunha bolsa co mesmo obxecto “colaboración ou formación complementaria dos estudantes da Universidade” por un período superior a vinte meses, de forma consecutiva ou descontinua, este límite terase en conta no momento de avaliación dos méritos. O cómputo do tempo da persoa bolseira farase por meses completos, se a bolsa se inicia antes do día 15 ou finaliza despois, incluído este, computarase como un mes enteiro para o cálculo do límite dos vinte meses.

No caso de que a persoa bolseira goce dalgunha bolsa distinta ás axudas ao estudo convocadas polo MECD, deberá solicitar á Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais a súa compatibilidade. En caso contrario, poderá ser causa de anulación da condición de persoa bolseira ao que se refire esta normativa.

4. Características das bolsas

As persoas bolseiras deberá de realizar as seguintes funcións:

1. Realizar un labor de comprobación do material en relación cos contidos de aprendizaxe.
2. Realizar un labor de especificación das tarefas, traballos e os procesos de avaliación específicos relacionadas, así como das datas e outras actividades de interese académico e/ou social.
3. Realizar a supervisión das axendas persoais do alumno.

4. Facer a atención directa durante o proceso de desenvolvemento dos coñecementos, en función da/s materia/s concreta/s na que estea matriculado o alumno.
5. Prestar as axudas necesarias de mediación cognitiva, coa indicación e supervisión do coordinador do programa, que faciliten o desenvolvemento das capacidades e competencias que se indiquen.
6. Establecer o apoio necesario para aplicar as competencias adquiridas polo alumno á práctica académica e social.
7. Prestar axuda no uso e acceso a bases de datos e a documentación para a elaboración de contidos e realización de traballos de clase.
8. Colaborar co alumno no deseño e organización dos traballos de clase.
9. Colaborar co alumno na aplicación á práctica e/ou exposición dos traballos de clase.
10. Axudar ao alumno nos procesos de interacción social en relación coas actividades académicas..
11. Aquelas outras que poidan xurdir como consecuencia da avaliación progresiva das necesidades do citado alumno.

A persoa beneficiaria da bolsa estará baixo a tutoría da persoa coordinadora do programa de apoio que elaborará un informe ao rematar o período de duración da bolsa.

Ao finalizar o período de duración da bolsa e co obxecto de avaliar o período desenvolvido elaborárase un informe sobre a persoa beneficiaria da bolsa.

5. Duración e desenvolvemento da bolsa

A bolsa terá unha duración máxima de 10 meses rematando o 30 de xuño de 2018.

O número máximo de horas de colaboración da unha das bolsas será de 15 horas semanais. Realizaranse no Campus correspondente, tendo en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico. Excepcionalmente, tras a oportuna xustificación, poderase establecer outra dedicación sempre que non exceda do 50% do tempo íntegro que constitúe o curso académico, de acordo co artigo 5 do R.D. 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as practicas académicas externas do alumnado universitario.

A dedicación de cada bolseiro/a debe adecuarse á súa carga lectiva. A persoa bolseira poderá distribuír e compensar ata un 20% das horas de dedicación entre as distintas semanas dentro do mesmo mes.

6. Dotación e pagamento:

A dotación económica bruta da bolsa será dun máximo 250 euros cada mes e estará suxeita á retención por IRPF e as obrigas de cotización á seguridade social (cota obreira) que estableza a normativa vixente nestas materias.

O importe total desta acción ascende a un máximo a 2.880,60€ (a espensas do incremento que poida sufrir a cuota patronal do ano 2018)

- 2017 0000 121D 482.06 o importe do crédito orzamentario retido ascende a 1.152,24 € (1.000 € por dotación bruta das bolsas e 152,24 € en concepto de cota patronal).
- 2018 0000 121D 482.06: o importe do crédito orzamentario retido ascende a 1.728,36 € (1.500 € por dotación bruta das bolsas e 228,36 € en concepto de cota patronal).

O pagamento farase por períodos mensuais vencidos nos primeiros sete días. Retribuiranse as horas realizadas nese período segundo o establecido nesta convocatoria (máximo 15 horas semanais). Para facelo efectivo, a persoa beneficiaria da bolsa debe estar ao corrente coa Universidade nos seus pagos de matrícula.

Se a actividade a desenvolver pola persoa bolseira en cada mes non se adecúa ás condicións fixadas nesta convocatoria e para poder adecuar o pago á actividade real realizada, á persoa coordinadora emitirá un informe no que fará constar a actividade realizada nese período e achegaráo á Área de Bolsas antes do día 25 do mes en curso. Este informe pode ser tido en conta en futuras convocatorias.

7. Prazo de presentación de solicitudes e documentación.

As persoas solicitantes deberán cubrir o modelo oficial (véxase o anexo I). A solicitude presentarase dende o día seguinte a publicación desta convocatoria ata o **30 de xuño de 2017**.

O impreso pode ser solicitado nos Servizos Administrativos da Facultade de Belas Artes do Campus de Pontevedra, e no Servizo de Extensión Universitaria (Edificio Miralles) ou ben descargalo da web que estará a disposición das persoas interesadas no seguinte enderezo de Internet: http://extension.uvigo.es/extension_gl/discapacidade/bolsas/, ou na web da universidade.

Os/As solicitantes deberán acompañar, obrigatoriamente, a seguinte documentación no momento da presentación da solicitude :

- Fotocopia do NIF, NIE, ou pasaporte en vigor.
- Fotocopia Documento de afiliación á Seguridade Social.
- Certificación académica oficial dos estudos realizados; no caso de que se realizaran fóra da U. de Vigo.
- Declaración xurada de compromiso de matrícula para o curso 2017/18; no caso de non tela formalizada no momento da presentación da solicitude.
- Currículum vitae, no que indicará a formación e as actividades realizadas que considere de interese para o desenvolvemento da bolsa con documentos acreditativos dos méritos alegados.
- Solicitude de compatibilidade coa bolsa no caso de que o alumnado teña concedida unha bolsa distinta ás axudas ao estudo convocadas polo MECED.
- Ficha persoal de pagamento (anexo III).
- Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Ás persoas solicitantes tamén se lles poderán requirir que acheguen aquel outros documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para o outorgamento da axuda.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade.

A persoa solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa e académica do seu expediente; a oferta e a presentación de servizos universitarios; a realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliacións e enquisas; o seguimento dos servizos universitarios prestados; así como, a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e as prácticas en empresas.

O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitarase ante a Universidade de Vigo no seguinte enderezo: Edificio Xerencia-Servizos Centrais, campus universitario s/n, 36310 Vigo (Pontevedra), de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal .

8. Selección

Unha vez recibidas as solicitudes, a Área de Bolsas, comprobará que cumpren os requisitos básicos da convocatoria e publicará a listaxe de persoas admitidas e excluídas provisional, indicando, de ser o caso, os motivos de exclusión. Daralles un prazo de **cinco días hábiles** para emendar os erros e achegar a documentación requirida, advertíndoselles ás persoas solicitantes que, no caso de non facelo, se lles dará por desistidos neste proceso.

Unha vez emendados os erros, a Área de Bolsas elaborará e publicará a listaxe de persoas admitidas e excluídas definitiva, indicando o motivo de exclusión de ser o caso.

O proceso de selección farase por unha comisión de valoración designada polo Vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais que estará formada por:

- O Vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente.
- Decano/a da Facultade de Belas Artes do Campus de Pontevedra, ou persoa en quen delegue.
- O Xefe/a de Servizo de Extensión Universitaria.
- A Xefe/a de Sección de Extensión Universitaria.
- O/A docente-titor/a.

A Comisión de avaliación procederá a valorar as candidaturas tomando como base os seguintes criterios e baremos:

1. Media do expediente académico dos estudos da titulación que está cursando: ata 4 puntos.
2. Entrevista persoal. Ata 2 puntos.
3. Haber cursado anteriormente materias nas que se vaia a matricular o alumno obxecto do apoio durante o curso 2017/2018. Ata 1 punto.

Rematado o proceso de selección a Comisión e remitidos os acordos, Área de Bolsas publicará os mesmos e a resolución provisional das persoas seleccionadas e denegadas xunto cos motivos e a listaxe de agarda. As persoas interesadas, disporán dun prazo de cinco días hábiles, que contarán dende o día seguinte á publicación, para presentar as alegacións que consideren.

Unha vez revisadas as alegacións pola Comisión e remitidos os acordos, a Área de Bolsas elaborará e publicará a resolución definitiva das bolsas concedidas, as denegadas cos seus motivos e a listaxe de agarda por orde de maior a menor puntuación que se usará para cubrir as renuncias que se poidan producir.

Todas as listaxes e resolucións ás que se refire este punto publicaranse nos taboleiros da Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, no rexistro xeral e nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo, e na páxina web da Universidade .

9. Obrigas:

O/A adxudicatario/a das bolsa quedará obrigado/a a:

- Estar matriculado no Curso Académico 2017-2018 en calquera titulación oficial de Grao da Facultade de Belas Artes do Campus de Pontevedra,.
- A colaborar coa Facultade de Belas Artes do Campus de Pontevedra e a Vicerreitoría de Extensión Universitaria e RR.II. en todo canto sexa necesario para levar adiante estas axudas.
- A colaborar en todo momento coa persoa encargada de coordinar estas bolsas.
- Comunicar os cambios que se produzan nas condicións iniciais de concesión da bolsa.
- Comunicar todas aquelas bolsas distintas ás axudas ao estudo convocadas polo MECED, que o alumnado teña concedida
- As persoas beneficiarias debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, que lles sea de aplicación.

10. Revogación da axuda

A concesión destas bolsas pode ser revogada polos seguintes motivos e suporá que a persoa beneficiaria reintegre as cantidades incorrectamente aboadas:

- Incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria.
- Pola perda da condición de universitario/a, durante todo o período de goce da bolsa.
- Ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidades establecidas na convocatoria (punto 3).
- O incumprimento do desenvolvemento das actividades propias da bolsa, previa tramitación de expediente contradictorio, que se iniciará, de ser o caso, mediante informe desfavorable da titoría.

11. Adicionais

Todas as dúbidas que poidan xurdir na interpretación destas normas serán resoltas polo vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais.

Calquera reclamación ou queixa que queira presentar un bolseiro ou bolseira farase chegar ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais a través da persoa coordinadora.

O disfrute da bolsa suporá a aceptación do previsto no Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, por el que se regulan los termos y las condiciones de inclusión en el *Régimen General de la Seguridad Social de las personas que participen en programas de formación...* publicado no BOE do 27 de outubro, respecto á alta na Seguridade Social.

Os bolseiros/as non adquiren ningunha relación contractual administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo, nin a bolsa implica compromiso en canto á posterior incorporación dos interesados/as aos cadros de persoal da Universidade.

Anexo II: Formulario de solicitude

CONVOCATORIA DE 1 BOLSA DE AXUDA Á INTEGRACIÓN DUNHA PERSOA CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS NA FACULTADE DE BELAS ARTES DO CAMPUS DE PONTEVEDRA,

Datos do/a estudante			
Apelidos		Data de nacemento	
Nome		DNI	
Nacionalidade			
Enderezo Permanente:	Enderezo durante o curso 2017-18:		
Localidade - Prov.:	Localidade - Prov:		
CP:	CP:	Válido ata:	
Teléfonos de contacto:			
E-mail:			

Documentación obrigatoria
<ul style="list-style-type: none"> - Impreso de solicitude debidamente cuberto. (anexo II). - Fotocopia do NIF, NIE, ou pasaporte. - Fotocopia Documento de afiliación á Seguridade Social. - Certificación académica persoal dos estudos realizados fora da Universidade de Vigo. - Declaración xurada de compromiso de matrícula para o curso 2017/2018 no caso de non tela formalizada. - Currículum vitae, no que indicará a formación e as actividades realizadas que considere de interese para o desenvolvemento da bolsa con documentos acreditativos dos méritos alegados. - Solicitude de compatibilidade coa bolsa. Só no caso de que o alumnado teña concedida unha bolsa distinta ás axudas ao estudo convocadas polo MECED.). - Impreso cuberto cos datos bancarios do solicitante (Anexo III). - Declaración xurada de veracidade dos datos achegados (Anexo IV) - Declaración responsable de estar ao corrente de las obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Asdo:

ANEXO IV

DECLARACIÓN XURADA

Don/Dona, con DNI, xura pola súa honra que todos os datos que manifesta neste escrito son verdadeiros e se compromete a achegar os documentos que así o acrediten, e entende que coñece todos os termos da convocatoria onde se expresa que a ocultación ou falsidade de documentos leva aparelada a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.

Lugar e data:

Asinado: